



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000125

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ADXUDICACIÓN CONTRATO APP PICO SACRO

EXPEDIENTE:2017/G003/000125

ANTECEDENTES:

Na Xunta de Goberno realizada o día 3 de agosto, iniciouse a contratación do servizo “Sinalización do Pico Sacro mediante ferramentas tecnolóxicas” por importe de 20.025,5 euros por contrato menor.

Solicitáronse ofertas a tres empresas: Infernos TV, Danga Danga Audiovisuais e Alvaro Liste Fernández e ó mesmo tempo publicouse no perfil do contratista da páxina web.

O día 9 de agosto enviáronse as correspondentes invitacións e tamén se publicou a documentación relativa ó contrato na páxina web. Concedéronse 8 días hábiles para que se presentasen as ofertas.

Con data 14 de agosto presentou a súa oferta a empresa Infernos TV, as outras dúas empresas non contestaron a invitación.

Con data 18 de agosto, dentro do prazo establecido, presenta unha proposta a empresa Evelb Técnicas y Sistemas, SL.

Tendo en conta o contido no informe 33/2009 de 1 de febreiro de 2010 da Xunta Consultiva de Contratación, si por parte dos licitadores non invitados se presentaran, cando o procedemento aínda o permite, ofertas o órgano de contratación debe aceptalas.

Polo tanto, a oferta presentada pola empresa Evelb Técnicas y Sistemas, SL é aceptada.

A empresa Infernos TV, presenta a súa oferta polo importe de licitación, é dicir, por importe de 16.550,00 euros (IVE excluído).

Por outra parte a empresa Evelb Técnicas y Sistemas, SL presenta unha oferta por importe de 14.887,73 euros (IVE excluído).

Como o prazo para xustificar a realización do servizo para o que se concede a axuda é o día 1 de outubro urxe contratar de inmediato a súa execución.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2017/G003/000125

1 Adjudicar a contratación do servizo “Sinalización do Pico Sacro mediante ferramentas tecnológicas” por importe de 14.887,73 euros (IVE excluído) á empresa Evelb Técnicas y Sistemas, SL por ser a oferta máis vantaxosa.

2 Comunicar á empresa Evelb Técnicas y Sistemas que deben presentar xustificantes de que están ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como o aval correspondente ó 5 % do importe da adjudicación.

3 Comunicar este acordo ás empresas licitadoras.

En Boqueixón, mércores 30 de agosto de 2017

O Alcalde

Manuel Fernández Munín